

ACTIVIDADE
FÍSICA. UNHA
ALTERNATIVA
DE SAUDE E
LEGER
CURSO 2022/23



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E JUSTIFICACIÓN.	1
2. OBJETIVOS, CONTENIDOS, CRITERIOS DE EVALUACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE Y TEMPORALIZACIÓN.	4
3. METODOLOGÍA DIDÁCTICA.	8
4. PROCEDIMIENTOS Y RECURSOS DE EVALUACIÓN.	9
5. INDICADORES DE LOGRO PARA EVALUAR EL PROCESO DE ENSEÑANZA Y LA PRÁCTICA DOCENTE.	10
6. MEDIDAS DE ATENCIÓN A LA DIVERSIDAD.	11
7. METODOLOGÍA DIDÁCTICA.	12
8. TRATAMIENTO DE LOS TEMAS TRANSVERSALES.	13
9. ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AL PLAN TIC Y AL PROYECTO LECTOR.	13
10. ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AL PLAN DE CONVIVENCIA.	14
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Y EXTRAESCOLARES A REALIZAR A LO LARGO DEL CURSO.	14
12. PROCEDIMIENTOS PARA EVALUAR LA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.	14

1.INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.

Seguindo o marcado polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo do Ensino Secundario Obrigatorio e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e atendendo a posibilidade dos centros docentes, de establecer materias de libre configuración e opcionais para os alumnos e alumnas de 2o de Bacharelato, presentamos a materia específica de Actividade Física para o último curso de Bacharelato. A materia terá un carácter eminentemente práctico e vivencial, ademais de propedéutico xa que estamos no último curso do Ensino Secundario. Terá unha carga horaria de 1 sesión semanal de 50 minutos. A estrutura da concreción curricular desta materia é a mesma que a establecida para a E.F. do Ensino Secundario, en canto a obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave. As tarefas estarán adaptadas aos niveis de aprendizaxe do alumnado.

Existen múltiples razóns que xustifican a oferta da materia de Actividade Física no segundo curso de Bacharelato. Moitas destas, xa reflectidas na introdución da materia que aparece no Decreto 86/2015, do 25 de xuño. A continuación mostramos un resumo dalgunhas destas xustificacións:

-A Actividade Física estivo sempre relacionada dun xeito moi directo co ser humano, dende a existencia do home ata hoxe, aínda que a finalidade fose cambiando ao longo de cada etapa da humanidade.

-Os beneficios da Actividade Física e do Deporte son indiscutibles. Tanto para a saúde física como a mental e emocional do ser humano.

-O presente currículo de Actividade Física mantén a coherencia e a homoxeneidade coa etapa de Educación Primaria, nas etapas da ESO e do Bacharelato, entendendo a materia como un continuo, tanto nos seus contidos como nas aprendizaxes que debe conseguir o alumnado ao longo de todas as etapas do sistema educativo. De aí a necesidade de ofrecer a posibilidade de continuidade a estes aprendizaxes, tamén no último ano do Bacharelato.

-A opcionalidade da Actividade Física no 2º curso de Bacharelato, dará a posibilidade de orientar ao alumno nos estudos superiores relacionados directamente coa materia. Dende a Familia Profesional de Actividades Físicas e Deportivas (Ciclo Medio e Ciclo Superior), os estudos de Grao de Ciencias da Actividade Física e o Deporte, ou outros estudos relacionados coa Actividade Física.

-Os/as alumnos/as que ao finalizar o Bacharelato teñan intención de presentarse ás probas físicas para acceder ao Grao de Ciencias da Actividade Física e o Deporte, ou a oposicións a corpos especiais (Policía Nacional, bombeiros, etc.), poderán recibir unha orientación e guía para a preparación de ditas probas ao longo do curso, traballando así no carácter propedéutico do Bacharelato.

-Como di o Decreto, a Educación Física, terá como fin estratéxico, introducir ao alumnado cara a práctica de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, nas que poida manter un papel de practicante activo ao longo da súa vida, tendo en conta as novas formas de prácticas motrices que xorden na sociedade actual, moitas delas vinculadas ao contorno

próximo do alumnado pola motivación intrínseca que representan. Se no último ano de Bacharelato, non se oferta a continuidade da Educación Física, pódese perder o fin perseguido nas etapas anteriores, coa conseguinte desvinculación coa Actividade Física, nos inicios da súa idade adulta. Coa oferta da materia no último curso, ampliáanse as posibilidades de ocio para o alumno, unha vez rematado o Bacharelato.

-O currículo de Educación Física para o Bacharelato verase moi enriquecido coa oferta da materia de Actividade Física neste 2o curso, xa que estase a dar ao alumnado a posibilidade de continuar coa práctica da actividade física dentro do horario lectivo.

A razón máis importante e a que motivou a este Departamento a propoñer esta materia é a continua demanda do alumnado de 1o Bacharelato, que dende sempre reclamou a materia de E.F. no último curso do Ensino Secundario, protestando moitas veces por non poder optar a ela. Xa que temos esta oportunidade imos tratar de que o movemento corporal siga a ser neste curso un xeito de que o alumnado poda mellorar a súa saúde, atopar actividades para o tempo de lecer, ou prepararse para o seu futuro profesional. Coa implantación desta materia este Departamento aposta

seriamente pola continuidade da actividade física do alumnado, seguindo a contribuír no seu desenvolvemento integral.

Os **obxectivos**, os **contidos**, os **criterios de avaliación**, os **estándares de aprendizaxe**, os **procedementos e instrumentos de avaliación**, o **grao mínimo de consecución**, e, a **temporalización** desta materia figuran nas seguintes táboas do departamento.

2. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E TEMPORALIZACIÓN.

Actividade Física, unha alternativa de saúde e ocio. 2º de Bacharelato							
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao m	Temp.
Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física							
b c i m n p	B1.1. Actividade física como recurso de lecer activo: efectos sobre a saúde e como fenómeno sociocultural. B1.2. Carácter propedéutico da actividade física, saídas profesionais.	B1.1. Valorar a actividade física desde a perspectiva da saúde, a satisfacción, a auto superación e as posibilidades de interacción social e de perspectiva profesional, adoptando actitudes de interese, respecto, esforzo e cooperación na práctica da actividade física. B1.2. Acada un bo nivel de condición física cara a boa saúde ou a unha posible saída profesional.	AFB1.1.1. Deseña, organiza e participa en actividades físicas, como recurso de lecer activo, valorando os aspectos sociais e culturais que levan asociadas e as súas posibilidades profesionais futuras, e identificando os aspectos organizativos e os materiais necesarios.	CSC	Proba escrita: traballo. Rúbrica. Proba práctica. Rúbrica.	50%	TC
			AFB1.1.2. Adopta unha actitude crítica ante as prácticas de actividade física que teñen efectos negativos para a saúde individual ou colectiva, e ante os fenómenos socioculturais relacionados coa corporalidade e os derivados das manifestacións deportivas.	CSC	Debate. Rúbrica.	50%	TC
			AFB1.2.1. Pon en práctica un programa de actividade física cara a unha saída profesional.	CSIEE	Práctica dun plan de adestramento a partires dun traballo sobre el. Rúbrica.	50%	TC
b c h m n ñ o	B1.3. Seguridade na realización de actividade física e prevención dos elementos de risco asociados ás actividades físico-deportivas.	B1.3. Controlar os riscos que pode xerar a utilización dos equipamentos, o contorno e as propias actuacións na realización das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, actuando de forma responsable no seu desenvolvemento, tanto individualmente como en grupo.	AFB1.3.1. Prevé os riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo.	CSIEE	Observación directa. Rexistro anecdótico.	50%	TC
			AFB1.3.2. Usa os materiais e os equipamentos atendendo ás súas especificacións técnicas.	CSIEE	Observación directa. Rexistro anecdótico.	50%	TC
			AFB1.3.3. Ten en conta o nivel de cansazo como un elemento de risco na realización de actividades que requiren atención ou esforzo.	CSIEE	Observación directa. Rexistro anecdótico.	50%	TC

a b c h m ñ o	B1.4. Actividades físico-deportivas para a integración social, o traballo da cooperación e o xogo limpo.	B.1.4. Amosar un comportamento persoal e social responsable respectándose a si mesmo/a, ás outras persoas e o contorno, no marco da actividade física.	AFB1.4.1. Respecta as regras e facilita a integración nas actividades de grupo.	CSC	Observación directa. Rexistro anecdótico.	50%	TC
b d e f g l m,	B1.5. Emprego das tecnoloxías axeitadas para a obtención e o tratamento de datos, para a procura, a selección e a crítica de información sobre a materia, e para a comunicación de proxectos, resultados e conclusións de traballos.	B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para mellorar o seu proceso de aprendizaxe, aplicando criterios de fiabilidade e eficacia na utilización de fontes de información e participando en ámbitos colaborativos con intereses comúns.	AFB1.5.1. Aplica criterios de procura de información que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia.	CD CCL	Proba escrita. Traballo teórico. Rúbrica.	50%	2º Av.
			AFB1.5.2. Comunica e comparte a información coa ferramenta tecnolóxica axeitada, para a súa discusión ou a súa difusión.	CD CCL	Exposición dun traballo. Rúbrica.	50%	2º Av.
Actividade Física, unha alternativa de saúde e ocio. 2º de Bacharelato							
Obx	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao m	Temp.
Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas							
B M N ñ p	B2.1. Utilización de elementos dinámicos para desenvolver a capacidade expresiva, a creatividade e a comunicación. B2.2. As composicións individuais e colectivas nas actividades físicas artístico-expresivas.	B2.1. Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas con orixinalidade e expresividade, aplicando as técnicas máis apropiadas á intencionalidade da composición.	AFB2.1.1. Elabora composicións expresivas individuais ou colectivas con intención comunicativa.	CCEC	Proba práctica. Rúbrica.	50%	1º Av.
Bloque 3. Actividade física e saúde							

B D L M ñ	B3.1. Beneficios da práctica regular de actividade física e valoración da súa incidencia sobre a saúde. B3.2. Hixiene postural na actividade física e en distintos campos profesionais. B3.3. Alimentación e actividade física. B3.4. Metodoloxías específicas de recuperación tras o exercicio físico.	B3.1. Mellorar ou manter os factores da condición física e as habilidades motoras cun enfoque cara á saúde.	AFB3.1.1. Acada un nivel de condición física bo, poñendo en práctica o seu programa de actividades, tendo en conta os fundamentos posturais e as técnicas de activación e recuperación autonomamente.	CMCCT	Batería de test de condición física. Escala de apreciación.	50%	3ª Av.
b d i j m ñ	B3.5. Toma de conciencia da mellora da condición física, seguindo os métodos básicos para a planificación da actividade física. B3.6. Manexo e control dos compoñentes fundamentais da carga na práctica da actividade física: o volume, a intensidade e a densidade do esforzo. B3.7. Valoración da condición física orientada á saúde. B3.8. Plan persoal de acondicionamento físico orientado á saúde e ás saídas profesionais.	B3.2. Planificar, elaborar e pór en práctica un programa persoal de actividade física que incida na mellora e no mantemento da saúde, aplicando os sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, tendo en conta as súas características e nivel inicial, e avaliando as melloras obtidas.	AFB3.2.1. Elabora e leva á práctica o seu programa persoal de actividade física coa finalidade da mellora da súa condición física e polo tanto da súa saúde, aplicando os principios básicos do adestramento.	CMCCT	Traballo escrito. Rúbrica. Proba práctica. Rúbrica.	50%	1ª Av. 2ª Av. 3ª Av.
Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas							
			AFB4.1.2. Aмосa un nivel mínimo en habilidades específicas individuais, deportes de adversario, de equipo ou en actividades alternativas.	CAA CSIEE CSC	Proba práctica. Rúbrica.	50%	1ª Av. 2ª Av. 3ª Av.
			AFB4.1.3. Analiza, pon en práctica e resolve situacións motoras, tendo en conta os aspectos organizativos necesarios.	CAA CSIEE	Proba práctica. Rúbrica.	50%	1ª Av. 2ª Av. 3ª Av.
a b c	B4.3. Aplicación do coñecemento dos fundamentos básicos técnicos, tácticos e regulamentarios das actividades	B4.2. Solucionar de xeito creativo situacións de oposición, colaboración ou colaboración-	AFB4.2.1. Participa nas actividades físico-deportivas nas que se produce colaboración ou colaboración-oposición.	CAA CSIEE CSC	Observación directa. Rexistro anecdótico.	50%	1ª Av. 2ª Av. 3ª Av.

Actividade Física, unha alternativa de saúde e ocio. 2º de Bacharelato							
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao m	Temp.
m p	físico-deportivas no tempo de lecer.	oposición en contextos deportivos ou recreativos, adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	AFB4.2.2. Desempeña as funcións que lle corresponden, nos procedementos ou nos sistemas postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo.	CAA CSIEE CSC	Proba práctica. Rúbrica.	50%	1ª Av. 2ª Av. 3ª Av.
			AFB4.2.3. Adapta estratexias axeitadas ás características das persoas participantes nas actividades físico-deportivas desenvolvidas.	CAA CSIEE	Proba práctica. Rúbrica.	50%	1ª Av. 2ª Av. 3ª Av.

3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

Esta materia cunha carga lectiva dunha hora semanal, terá o cometido de ser maioritariamente procedemental. As clases deberán estar ocupadas polo movemento fronte a recepción de contidos. Porén, utilizaremos a aula virtual como medio onde os contidos se proxectarán se restar tempo ao principal obxectivo desta materia. Será a autonomía acadada polo alumnado ó longo da etapa da ESO, e sobre todo do bacharelato, o principal aliado para que todos os contidos teóricos podan ser traballados fora das clases para ser convertidos en contidos procedimentais no ximnasio.

Os contidos a desenvolver, así coma os obxetivos perseguidos, serán os que nos fagan optar polos diferentes métodos, técnicas, estilos, etc.. Emplearemos tanto formas de ensinanza-aprendizaxe basadas na recepción como no descubrimento. Así se recurrirá según as necesidades, á instrucción directa o á búsqueda.

As estratexias na práctica máis usadas serán as globais, sobre todo as de tipo intermedio, con polarización da atención con modificación da situación real, buscando con elo que as aprendizaxes estén o máis contextualizado posible. En moitos casos emplearemos as analíticas, xa sexa por razóns de seguridade, de gran dificultade ou por existir unha solución de probada eficacia. Debe primar a adaptación das estratexias ás necesidades requeridas polo alumno e a tarefa e non o revés.

Para a organización da clase usaremos estilos como a asignación de tarefas e os grupos de nivel, a inclusión, a ensinanza recíproca, o descubrimento guiado e a resolución de problemas. Preténdese que o número de decisións a tomar polos alumnos, tanto antes, como durante e o finaliza-la súa actuación, sexa cada vez maior. As tarefas a emplear serán dos diferentes tipos: definidas, semidefinidas e non definidas.

O atoparnos na final da etapa do bacharelato, optaremos por métodos, estratexias e formas de organización que lle permitan ó alumno unha práctica emancipación, sendo totalmente autónomo e responsable das súas accións.

4. PROCEDIMENTOS E RECURSOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos durante a ensinanza secundaria obrigatoria, tal e como señala a **LOMCE no seu artigo 21**, “debe ser continua e diferenciada según as distintas asignaturas do currículo. Os profesores avaliarán ós alumnos tendo en conta os obxetivos específicos e os coñecementos adquiridos en cada unha das asignaturas, según os criterios de avaliación que se establezcan no currículo para cada curso”. Se considerarán os obxetivos xerais de avaliación establecidos polos currículos oficiais e concretados no centro nas programacións didácticas

Á hora de avaliar e tendo como referencia **a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria e obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia**, teremos en conta os seguintes aspectos:

- Á hora de valorar o que fai o alumnado debemos establecer qué **avaliaremos**, **cándo e cómo** o faremos.
- O **qué** vamos a avaliar será, a participación activa nas clases, a súa actitude até a asignatura e os/as compañeiros/as, o seu comportamento, o uso que fai do material e das instalacións, o seu rendemento no emprego dos contidos procedimentais e os seus coñecementos teóricos.
- Respeto o **cándo**, comezaremos cunha avaliación inicial no mes de outubro, seguidas cunha avaliación por trimestre, coincidindo cos meses de decembro, marzo e maio. A media ponderada destas avaliacións dará o resultado da avaliación ordinaria, con data a determinar pola CIUG. O alumnado que non superara esta avaliación, terá dereito a unha avaliación extraordinaria que se realizará entre o 19 e o 21 de xuño.

Para establecer o **cómo**, na **avaliación inicial** realizaremos un informe sobre todo o traballo realizado (tarefas, clases prácticas, participación, atitude) recomendando un cambio ou a continuidade para acadar unha avaliación positiva nas avaliacións posteriores. Na **1ª, 2ª e 3ª** avaliación a nota resultante obteráse da suma da avaliación dos contidos teóricos (20% da nota), un 60% dos contidos prácticos e un 20% dos contidos atitudinais. O alumnado deberá realizar obrigatoriamente todas as tarefas de recuperación dos contidos

avaliados negativamente nas diferentes avaliacións no caso de estar estas suspensas.

A **avaliación ordinaria**, será o resultado da media das tres avaliacións, as cales terán un peso do 3,3333% do total do curso. Previo a esta avaliación, o alumnado poderá recuperar contidos pendentes de avaliacións anteriores. No caso de ter avaliada negativamente unha avaliación, o alumnado poderá superar a materia sempre que se presentara ás diferentes tarefas de recuperación e que a media das tres avaliacións fóra igual ou superior a 5. Con dúas avaliacións suspensas, supoñendo máis da mitad da materia suspensa, non se fará media, tendo que acudir o/a alumno/a á **avaliación extraordinaria**. Nesta avaliación, o alumnado avaliarase dos contidos das avaliacións suspensas.

CONTIDOS	APORTACIÓN Á NOTA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Teóricos	20%	Cuestionarios, probas escritas.
Prácticos	60%	Táboa de indicadores: Rúbricas, registros anecdóticos
Atitudinales	20%	Táboa de indicadores: Rúbricas, registros anecdóticos

Dun xeito excepcional, e condicionado por aspectos organizativos de centro, o alumnado poderá participar na organización de eventos deportivos de centro, aportando á nota un máximo de 1 punto nas diferentes avaliacións.

5. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSEÑANZA E A PRÁCTICA DOCENTE.

Para avaliar o proceso de ensino, estableceremos os seguintes indicadores:

- Rendemento do alumnado e resultados de aprendizaxe, realizarase a análise dos resultados obtidos na avaliación final. O 80% do alumnado aproba a materia.

- Temporalización da programación e das unidades didácticas, mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UD como a programación xeral.
- Deseño e desenvolvemento das unidades didácticas, realizaremos unha avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.
- Motivación do alumnado, ambiente nas sesións e actuación persoal da persoa docente. Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.
- Información ao alumnado e as familias das programacións. Mediante unha listaxe de control avaliarase si alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma

6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Os comportamentos dos alumnos difieren uns de outros debido a múltiples razóns: diferencias individuais (edad biológica, limitaciones sensoriais ou motrices, motivacións, intereses, etc), diferencias de grupo (étnicas, de xénero o socioculturales) ou de contexto (familiar, social...). Esto tradúcese en distintos gustos por actividades, niveis de activación diferentes, estilos de xogo e aprendizaxe heteroxéneos, interés polo rendemento, pola precisión, por cuestións estéticas, etc, moi dispar. Como xa se comentou na metodoloxía emplearemos formas variadas de interpretar os contidos, así como agrupamentos moi flexibles, o que permitirá ir logrando unha gradación dos contidos e que os alumnos vaian traballando de acordo

coas súas posibilidades. O paso dos alumnos dun nivel a outro serán constantes o ir mellorando así como o ir cambiando de contidos e actividades.

O non existir esencións en educación física os alumnos con limitacións, xa sexan permanentes ou temporais, realizarán as actividades que no perxudiquen o seu problema a vez que complementarán con traballos prácticos ou teóricos os contidos que non podan desenvolver, para lograr conseguir os obxetivos previstos. No caso de que se solicite unha adaptación de contidos, metodoloxía ou avaliación ésta faríase a vista dun certificado médico oficial no que debe constar con claridade as limitacións de acción que teña esa persoa. Será obrigatoria a asistencia a clase aínda que non se poida participar nela como consecuencia dunha lesión.

7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

Emplearanse materiais específicos da área, balóns, colchonetas, plintons, raquetas, brúxulas; ademáis de vídeos, diapositivas, transparencias, mapas topográficos, bibliografía... Non utilizamos o libro ordinario, se non como libro guía teremos as diferentes unidades e recursos creados polos docentes, ademáis dos apuntes tomados polos alumnos nas clases teórico-prácticas, nas cales recolleráanse os aspectos importantes do realizado nelas. Para abordalos contidos este ano dispoñemos de:

- Sala escolar (4 pistas bádminton, espalderas, 2 canastas, espaldeiras, 2 pizarras).
- 2 pistas polideportivas exteriores.
- Atletismo: 8 vallas regulables, 7 vallas multisalto, 2 pesos e discos lanzamento.
- Ximnasia deportiva: 1trampolín Reuter e outro normal, 2 colchonetas quitamedos, 24 colchonetas delgadas, 2 plinton, 3 potros, mazas de rítmica.
- Xogos e deportes alternativos: porterías floorball, 25 sticks floorball, 20 pelotas floorball, 20 indiacas, 12 frisbee foam, 15 frisbee plástico, sacos, juego lanzamiento aros, 41 palas madera, 2 paracaídas, 16 aros plástico, 1 bate softball, espadas esgrima plástico, 20 pelotas tenis foam.
- Bádminton: red, 30 raquetas, marcador, 50 volantes.
- Voleibol: 2 postes con red, red con anclajes a lo largo en pared, 13 balones.
- Baloncesto: 25 balones.
- Balonmano: 15 balones.
- Rugby: 6 balones.

- Material y accesorios fitness: 40 picas, 30 conos diferentes tamaño, chinos, 1 compresor de aire, 30 combas, 5 fitballs, 30 esterillas, 17 balones foam, sogatira, etc.

8. TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS.

Os contidos da educación física tocan de forma implícita á maioría dos temas transversais.

A educación para a saúde e a calidade de vida é un dos propósitos que pretende a nosa área, nos diferentes temas que abarcan: a hixiene, a prevención de lesións, adecuado desenvolvemento físico que permita solucionar as demandas que o traballo e as actividades cotidianas requiren, alimentación, nutrición ou a saúde mental.

De igual forma **a educación para a igualdade dos sexos** é algo que abordamos en tódolos bloques de contidos.

Cos contidos referidos as actividades no medio natural intentase incidir na **educación ambiental**, neste caso a través de todas as actividades de orientación.

Os demais temas trátanse de maneira explícita. Para **a educación do consumidor** usaremos temas referidos o consumo e o deporte, materiais deportivos, bebidas, aparatos.

Con tódolos contidos de tipo actitudinal se intenta traballar sobre a **educación para a paz e sobre a educación moral e cívica**.

A educación vial tratámola con a maioría dos contidos procedimentais, o traballo de traxectorias, desprazamentos, atención selectiva, anticipación perceptiva, avaliación de situacións e rápida toma de decisións.

E por último resaltar que unha das áreas que máis pode contribuir a educación para o tempo libre é a educación física. Moitos dos contidos que desenvolvemos pretenden dar unha formación o alumno que lle permita ocupar parte do tempo de ocio con actividades físicas diversas.

9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN TIC E Ó PROXECTO LECTOR.

Dende fai dos anos se está a utilizar a aula virtual como espazo onde o alumno/a ten que buscar e traballar coa información deixada polo profesorado. Isto e a axuda do programa de elaboración de contidos dixitais EXELEARNING invita ao alumnado a traballar a materia con elementos dixitais navegando entre moitísima información que

terá que seleccionar e discriminar a través da lectura e así contribuíndo con plan lector establecido no centro.

10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA.

O ximnasio e instalación deportivas do centro suponen un importante espazo dentro do mesmo, onde coma o resto de aulas e necesario o respecto por él e polas actividades que desenvolvamos dentro das mesmas. Porén, intentaremos concienciar ao alumnado da importancia da súa conservación así como dar unha serie pautas de comportamentos dentro do mesmo.

O tratamento de contidos como o respecto dos diferentes niveis condicionais e respostas motrices dos/as compañeiros/as, a reflexión sobre a violencia no deporte e fomento do compañerismo e o fair play incidirá sobre o contral de moitas condutas consideradas como leves e gravemente prexudiciais recollidas no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES A REALIZAR Ó LONGO DO CURSO.

A expensas da aprobación polo Consello Escolar, se planificará a realización das seguintes actividades complementarias e extraescolares para axudar a acadar os obxectivos da materia:

- Actividades de natación na piscina de Teis.
- Actividades no medio natural: marchas senderistas, escalada, vela, paddle surf.
- Práctica de patinaxe sobre xeo.

12. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

Propónse facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.
- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.
- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

En Vigo, a 07 de setembro de 2022.
Asdo. Alfonso Ruso González
Xefe do Departamento de Educación Física.